



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Convocatoria das eleccións ao decanato da Facultade de Socioloxía

Como decano da Facultade de Socioloxía, RESOLVO convocar as eleccións ao decanato desta facultade, nas condicións e segundo o procedemento que figura no anexo I e no calendario que figura no anexo II.

Esta convocatoria publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña.

O decano

Antonio Álvarez Sousa



ANEXO I

I. COLEXIOS ELECTORAIS

A Xunta de Centro da Facultade de Socioloxía constituirá o colexio electoral para as eleccións a decana ou decano da Facultade.

II. PERSOAS ELIXIBLES

Son elixibles os membros da xunta de centro que teñan a condición de profesorado con vinculación permanente á Universidade adscrito ao centro, logo de seren proclamados candidatos de forma definitiva.

III. PERSOAS ELECTORAS

Son persoas electoras todos os membros da xunta de centro que figuren no censo electoral definitivo, que será publicado no prazo establecido no calendario do anexo II.

IV. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATURAS

Poden presentar candidaturas as persoas elixibles. As candidaturas irán dirixidas á presidenta da Comisión Electoral Central e presentaranse dentro do prazo establecido no calendario do anexo II no rexistro do centro. As persoas responsables do rexistro remitirán as candidaturas presentadas por correo electrónico ao enderezo comision.electoral@udc.gal.

O escrito, asinado polo candidato ou candidata, conterá os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- Número do documento oficial de identificación

A proclamación provisoria de candidatos e candidatas será realizada pola Comisión Electoral Central e publicarase na web da UDC.

Dentro do prazo establecido no calendario do anexo II poderán presentarse recursos e solicitudes de rectificación por correo electrónico ao enderezo comision.electoral@udc.gal. Os recursos e as solicitudes de rectificación deberán resolverse no prazo establecido no calendario do anexo II.

Se non se presentasen recursos nin solicitudes de rectificación no prazo fixado, ou unha vez que se resolvan, a Comisión Electoral Central procederá á proclamación definitiva de candidaturas.

Se o número de candidaturas definitivas proclamadas fose só unha, a persoa candidata definitiva será proclamada electa sen necesidade de proceder á votación.



V. REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE CENTRO

1. O decano da facultade en funcións deberá convocar os membros do órgano colexiado para realizar unha reunión extraordinaria para a elección de decana ou decano na data sinalada no calendario do anexo II.

Co fin de que todas as persoas electoras poidan exercer o dereito ao sufraxio evitárase que a reunión extraordinaria coincida con calquera outra reunión de órganos colexiados no centro.

Esta sesión extraordinaria da xunta de centro será presidida polo decano en funcións, salvo que se presentar como candidato, en cuxo caso será substituída polo membro de máis idade presente na xunta. Actuará como secretaria a persoa que o for do centro, salvo que se presentar como candidata, en cuxo caso será substituída polo membro presente que designar a presidencia.

As papeletas, que serán elaboradas polo centro, conterán a relación de candidaturas proclamadas definitivamente, colocadas por orde alfabética, e un recadro ao lado para marcar o voto a favor da candidatura.

2. A presidencia concederá un espazo de 15 minutos a cada candidata ou candidato para estes exporen ante a xunta o seu programa e, a continuación, outros 15 minutos para responderen as preguntas que lles formularen os membros da xunta. Finalizadas as intervencións, procederase á votación, que será nominal e secreta.

3. Será proclamada decana ou decano da facultade a persoa candidata que en primeira volta obtiver o voto da maioría absoluta dos membros da xunta.

No caso de non haber ningunha persoa candidata que obtiver a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación na mesma sesión da xunta, en que resultará elixida a persoa candidata que obtiver un maior número de votos.

4. O resultado da votación será comunicado á Comisión Electoral Central para os efectos da súa publicación.

VI. PROCLAMACIÓN PROVISORIA E DEFINITIVA DA CANDIDATURA ELECTA

A proclamación provisoria e definitiva da persoa candidata electa será realizada pola Comisión Electoral Central e publicarase na web da UDC.

Dentro do prazo establecido no calendario do anexo II poderán presentarse recursos e solicitudes de rectificación por correo electrónico ao enderezo comision.electoral@udc.gal.

Os recursos e as solicitudes de rectificación deberán resolverse no prazo establecido no calendario do anexo II.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Se non se presentaren recursos nin solicitudes de rectificación no prazo fixado, ou unha vez que se resolvan, a Comisión Electoral Central procederá á proclamación definitiva da candidatura electas.



ANEXO II

CALENDARIO ELECTORAL

1. Convocatoria de eleccións (publicación): 17 de novembro de 2025 (luns)
2. Publicación do censo electoral provisorio: 18 de novembro de 2025 (martes)
3. Presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo electoral provisorio:
 - Presentación: do 19 de novembro (mércores) ao 21 de novembro de 2025 (venres), até as 14:00 horas
 - Resolución: do 24 de novembro (luns)
4. Publicación do censo definitivo: 25 de novembro de 2025 (martes)
5. Presentación de candidaturas: do 26 de novembro (mércores) ao 28 de novembro de 2025 (venres), até as 14:00 horas
6. Proclamación provisoria de candidaturas: 1 de decembro (luns) de 2025
7. Presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria de candidaturas:
 - Prazos de presentación: do 2 de decembro (martes) ao 4 de decembro de 2025 (xoves), até as 14:00 horas
 - Prazos de resolución: 5 de decembro (venres) de 2025
8. Proclamación definitiva de candidaturas: 9 de decembro de 2025 (martes)
9. Campaña electoral: do 10 de decembro (mércores) ao 12 de decembro de 2025 (venres)
10. **Data da votación: 15 de decembro de 2025** (luns)
11. Proclamación provisoria da candidatura electa: 16 de decembro de 2025 (martes)
12. Presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria da candidatura electa:
 - Prazos de presentación: do 17 de decembro (mércores) ao 18 de decembro de 2025 (xoves), até as 14:00 horas
 - Prazos de resolución: do 19 de decembro de 2025 (venres)
13. Proclamación definitiva da candidatura electa: 22 de decembro de 2025 (luns)